

PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DAS AULAS PILOTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO CeMIT-Innova 2015

O desenvolvemento do proxecto CeMIT-Innova para o fomento da Innovación Social Dixital en Galicia, lanzado pola Axencia para a Modernización Dixital de Galicia - Amtega, levarase a cabo, durante o ano 2015, en 10 aulas da rede CeMIT, seleccionadas como aulas piloto de acordo ao seguinte procedemento:

1. **É requisito fundamental para optar á consideración de aula piloto a participación da aula**, a través do seu responsable **no encontro que terá lugar o próximo día 24 de marzo en Santiago de Compostela**, no auditorio da Biblioteca da Cidade da Cultura, ([ver axenda](#))
2. Tras a celebración do encontro e ata o día 10 de abril, **as aulas interesadas deberán presentar:**
 - **Unha solicitude de participación no proxecto CeMIT- Innova** ([accede ao formulario](#)) na que describan:
 - o proxecto de innovación social dixital a desenvolver,
 - relación de entidades que participarán,
 - colectivos destinatarios do proxecto que desexen poñer en marcha no seu ámbito.
 - Amtega levará a cabo a revisión das solicitudes presentadas, elaborando un **listado provisional con aquelas aulas que cumpran cos 2 requisitos antes sinalados** e unha vez avaliados os proxectos presentados.
 - Á lista provisional **aplicaranse os seguintes criterios correctores co fin de obter a lista definitiva:**
 - asegurarse a representación entre os pilotos das catro provincias galegas;
 - entre as aulas piloto haberá polo menos:
 - 1 aula de núcleo de poboación maior a 20.000 habitantes
 - 1 aula de núcleo de poboación menor a 5.000 habitantes
 - 1 aula de ámbito rural
 - 1 aula de ámbito costeiro
 - Terase en conta o nivel de actividade da aula a partir dos datos datados a 31 de decembro de 2014.